

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA TURISMO DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 17 de abril de 2015 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de abril de 2015 polo que se declara municipio turístico galego o Concello de Parada de Sil na provincia de Ourense.

En cumprimento do disposto no artigo 16 do Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaración de festas de Galicia de interese turístico, esta dirección dispón que se publique no *Diario Oficial de Galicia* o Acordo adoptado polo Consello da Xunta, na súa reunión do 16 de abril de 2015, que a seguir se transcribe:

Declarar municipio turístico galego, de conformidade co establecido no Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaración de festas de Galicia de interese turístico, o seguinte:

- Concello de Parada de Sil na provincia de Ourense.

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2015

P.A. (Artigo 19.6 do Decreto 196/2012; DOG nº 193, do 9 de outubro)
M^a Elena Barca Ramos
Xerente da Axencia Turismo de Galicia

